



Anteproxecto do Decreto polo que se aproba o regulamento de composición e funcionamento do Consello Superior de Valoración de Bens Culturais de Interese para Galicia.

Galicia asumiu mediante o seu Estatuto de autonomía a competencia exclusiva en materia de patrimonio histórico, artístico, arquitectónico e arqueolóxico do seu interese, sen prexuízo do que dispón o artigo 149.1º.28 da Constitución española. A competencia exclusiva abrangue, pois, a potestade lexislativa, a regulamentaria e a función executiva, segundo o disposto nos artigos 27.18ª e 37ª do seu Estatuto de autonomía.

En virtude do Decreto 112/1992, do 30 de abril, créase a Comisión Superior de Valoración e Adquisición de Bens Culturais como órgano consultivo e asesor adscrito á consellería con competencias en materia de cultura.

Con posterioridade, en exercicio da potestade lexislativa, o Parlamento Galego aprobou a Lei 8/1995, do 30 de outubro, do patrimonio cultural de Galicia. Esta lei, no seu artigo 7, define, entre outros, a Comisión Superior de Valoración de Bens Culturais de Interese para Galicia como órgano asesor da Consellería de Cultura en materia de patrimonio cultural e determina que regulamentariamente se establecerá a composición e o funcionamento dos órganos asesores da consellería.

A experiencia acadada nos anos de funcionamento da Comisión Superior de Valoración de Bens Culturais de Interese para Galicia aconsella modificar as súas funcións e a súa composición. A reformulación das súas funcións pretende conseguir unha maior clarificación dos seus cometidos e a modificación da regulación dalgúns aspectos en orde a mellorar o seu funcionamento e actividade, como por exemplo, prever unha renovación gradual dos seus membros ou especificar as condicións nas que as solicitudes de valoración deben ser achegadas. Todo iso en aras do obxectivo primordial da consecución dunha valoración dos bens culturais o máis xusta e axeitada á realidade que sexa posible. E coa nova composición búscase afondar na mellora cara a máxima competencia entre os expertos nas distintas facianas do patrimonio cultural e asegurar a incorporación dun especialista en arte contemporánea.

O cambio da denominación de “comisión” pola de “consello” que adopta esta norma vén determinado polo establecido no artigo 22 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia.



Na súa virtude, por proposta do conselleiro Cultura Educación e Ordenación Universitaria, de acordo co ditame do/oído o Consello Consultivo de Galicia e logo da deliberación do Consello da Xunta de Galicia, na súa reunión do día ... de de dous mil doce,

DISPOÑO:

Artigo único. Apróbase o regulamento de composición e funcionamento do Consello Superior de Valoración de Bens Culturais de Interese para Galicia que figura como anexo deste decreto.

Disposicións adicionais

Primeira.- O Consello Superior de Valoración de Bens Culturais de Interese para Galicia constituirase no prazo de dous meses, contados desde a entrada en vigor deste decreto.

Segunda.- As entidades e organismos a quen corresponda propoñer a designación de representantes no Consello Superior de Valoración de Bens Culturais de Interese para Galicia deberán comunicar a súa proposta á consellería con competencias en materia de patrimonio cultural no prazo dun mes desde o día de entrada en vigor deste decreto.

Disposición transitoria única

Namentres non se constitúa o Consello Superior de Valoración de Bens Culturais de Interese para Galicia, segundo a composición fixada neste decreto, a Comisión Superior de Valoración de Bens Culturais de Interese para Galicia, coa súa actual composición, continuará coas súas funcións ata a constitución do Consello Superior.

Disposición derogatoria única

Quedan derogadas cantas normas de igual ou inferior rango sexan contrarias ao contido deste decreto e, nomeadamente, o Decreto 112/1992, do 30 de abril, polo que se crea a Comisión Superior de Valoración e Adquisición de Bens Culturais de Interese para Galicia.

Disposicións derradeiras

Primeira.- Facúltase á persoa titular da consellería con competencias en materia de patrimonio cultural ditar cantas disposicións sexan necesarias para a execución do disposto no presente decreto.



Segunda.- O presente decreto entrará en vigor aos vinte días naturais, contados desde o seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, de de dous mil doce.

Alberto Núñez Feijóo
Presidente

Jesús Vázquez Abad
Conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria

ANEXO

Regulamento de composición e funcionamento do Consello Superior de Valoración de Bens Culturais de Interese para Galicia.

Artigo 1.- Natureza e adscrición.

O Consello Superior de Valoración de Bens Culturais de Interese para Galicia é un órgano asesor de natureza colexiada da consellería con competencias en materia de patrimonio cultural, que o dotará dos medios persoais e materiais necesarios para o seu funcionamento, e dependerá funcionalmente do órgano de dirección competente en materia de patrimonio cultural.

Artigo 2.- Funcións.

É función do Consello Superior de Valoración de Bens Culturais de Interese para Galicia a emisión de informe nos seguintes casos:

- a) sobre a adquisición e valoración económica de bens culturais que se pretendan adquirir por compra, permuta, dación en pagamento, legado, depósito, doazón ou comodato, con destino a bibliotecas, arquivos e museos de titularidade autonómica ou de titularidade estatal e xestión transferida á Xunta de Galicia;
- b) sobre a adquisición e valoración económica de obras de arte que se pretendan adquirir con destino á Administración xeral da Comunidade Autónoma ou ás distintas entidades instrumentais do sector público autonómico;
- c) sobre a aceptación de doazóns, achega en especie a sociedades, permuta, dación en pagamento, legado, depósito, comodato ou calquera outros negocios xurídicos distintos do da compravenda, nos que a Administración xeral da Comunidade Autónoma ou as distintas entidades instrumentais do sector público autonómico, poidan ser partes receptoras do ben;



- d) sobre a valoración dos bens culturais que se oferten á Xunta de Galicia como pago de débeda tributaria. No caso de que o oferente non presente unha taxación pericial, a Comisión poderá solicitar os informes que considere pertinentes antes de emitir o seu;
- e) sobre a valoración dos bens mobles obxecto dos achados casuais, para os efectos da concesión do premio en metálico a que se refire o artigo 60 da Lei 8/1995, do 30 de outubro, do patrimonio cultural de Galicia;
- f) no caso de exercicio dos dereitos de adquisición preferente do tinteiro e retracto que lle correspondan á Xunta de Galicia, ao abeiro do artigo 27 da Lei 8/1995; o informe deberá ser emitido con carácter previo, polo menos cando o valor atribuído ao ben moble obxecto da adquisición fora superior a cincuenta mil euros;
- g) cando proceda, sobre as solicitudes de permiso de exportación definitiva ou temporal de bens culturais de natureza moble que tramite a consellería con competencia en materia de patrimonio cultural, que non foran declarados de interese estatal;
- h) realizar calquera outra función que lle sexa requirida relacionada coa valoración de bens culturais de interese para Galicia, ou aquelas outras análogas que se lle atribúan por disposición legal ou regulamentaria.

Artigo 3.- *Réxime xurídico.*

O Consello Superior de Valoración de Bens Culturais de Interese para Galicia réxese pola lexislación básica estatal sobre réxime xurídico das administracións públicas, pola lexislación autonómica en materia de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, pola lexislación específica aplicable e máis polo disposto neste regulamento.

Artigo 4.- *Composición.*

1. O Consello Superior de Valoración de Bens Culturais de Interese para Galicia ten a seguinte composición:

- a) Presidencia.
- b) Vicepresidencia.
- c) Vogalías.

2. Na composición do Consello atenderase ao principio de presenza equilibrada de mulleres e homes. A comunicación que se realice aos órganos, institucións ou asociacións para a designación de representantes lembrará a importancia social de tender a aquel obxectivo de igualdade.

Artigo 5.- *Presidencia.*

1. Desempeñará a presidencia a persoa titular da dirección xeral competente en materia de patrimonio cultural.

2. Correspóndelle á persoa que desempeña a presidencia:

- a) Desempeñar a representación do órgano.



- b) Acordar a convocatoria das sesións ordinarias e extraordinarias e a fixación da orde do día.
 - c) Presidir as sesións, moderar o desenvolvemento dos debates e suspendelos por causas xustificadas.
 - d) Dirimir co seu voto os empates, para os efectos de adoptar acordos.
 - e) Asegurar o cumprimento das leis.
 - f) Visar as actas e as certificacións dos acordos do órgano asesor.
 - g) Exercer cantas outras funcións sexan inherentes á condición da presidencia do órgano.
3. Nos casos de vacante, ausencia, enfermidade ou outra causa legal, a persoa que exerza a presidencia será substituída pola que desempeñe a vicepresidencia e, de faltar esta, polo membro do órgano colexiado de maior xerarquía, antigüidade ou idade, por esta orde, de entre os seus compoñentes.

Artigo 6.- *Vicepresidencia.*

1. A vicepresidencia será exercida pola persoa titular da Subdirección Xeral de Protección do Patrimonio Cultural.
2. No caso de que esa persoa teña que asumir a presidencia por calquera das causas citadas no apartado terceiro do artigo anterior, exercerá a vicepresidencia a persoa funcionaria que desempeñe a secretaría sempre que sexa titular dunha xefatura de servizo e leve ao menos un ano no Consello Superior de Valoración de Bens Culturais de Interese para Galicia.
3. Corresponde á vicepresidencia auxiliar á presidencia no exercicio das súas funcións e realizar cantas outras lle sexan especificamente encomendadas por aquela.

Artigo 7.- *Vogais.*

1. Serán vogais do Consello Superior de Valoración de Bens Culturais de Interese para Galicia:
 - a) Cinco persoas nomeadas por proposta da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural, elixidas entre facultativos de grado superior ou medio de museos, arquivos e bibliotecas, membros das academias galegas, e investigadores, expertos ou docentes en materia relacionadas coa historia, historia de arte, arquitectura, etnoloxía, arqueoloxía ou restauración.
 - b) Dúas persoas nomeadas por proposta da persoa titular da consellería con competencia en materia de facenda, titulares dunha subdirección ou xefatura de servizo, unha con funcións en materia de tributos e outra con funcións en materia de patrimonio da Comunidade Autónoma.
 - c) Un representante do Consello da Cultura Galega.
 - d) Un representante do sistema universitario público galego, elixido entre docentes en materias relacionadas coas mencionadas no apartado a). Establecerase unha rotación entre as tres universidades cada tres anos.
 - e) Un representante de entre os profesionais de galerías de arte de Galicia, elixido entre persoas con galería aberta e un mínimo de experiencia de cinco anos de profesión por proposta da correspondente asociación



profesional. De existiren varias asociacións de galerías de arte de ámbito galego establecerase unha quenda bianual.

Polo menos un dos dez vogais será experto en arte contemporánea.

2. Os vogais do Consello Superior de Valoración de Bens Culturais de Interese para Galicia serán nomeados por un período de catro anos, salvo os representantes do Consello da Cultura Galega e do sistema universitario público galego, que serán nomeados por un período de tres anos, e do sector de galerías, que ocupará a vogalía por un prazo de dous anos.

Os vogais designados por catro e tres anos poderán ser renovados ata o dobre do mandato inicial. As persoas propostas pola asociación de galerías non poderán ser renovadas como vogais.

Todos poderán volver a ser nomeados transcorridos seis anos dende o seu cesamento.

Artigo 8.- *Secretaría.*

1. O Consello Superior de Valoración de Bens Culturais de Interese para Galicia terá unha secretaría, que será exercida pola persoa titular dunha xefatura de servizo ou de sección da subdirección xeral con competencia en materia de protección do patrimonio cultural, designada polo titular da dirección xeral competente en materia de patrimonio cultural. En función das necesidades, poderá asistir ás reunións outra persoa funcionaria designada pola presidencia para axudar nas tarefas propias da secretaría.

2. Correspóndelle á persoa que exerce a secretaría do Consello:

- a) Asistir ás reunións, con voz pero sen voto.
- b) Efectuar a convocatoria das sesións do órgano por orde da súa presidencia, así como as citacións aos seus membros.
- c) Recibir os actos de comunicación dos membros co órgano e, polo tanto, as notificacións, peticións de datos, rectificacións ou calquera outra clase de escritos dos que deba ter coñecemento.
- d) Preparar o despacho dos asuntos e redactar e asinar as actas das sesións, co visto e praxe da persoa que exercera a presidencia.
- e) Expedir certificacións das consultas, ditames e acordos aprobados.
- f) Cantas outras funcións sexan inherentes á súa condición de secretaria ou secretario.

Artigo 9.- *Nomeamentos e cesamentos.*

1. O nomeamento e cesamento das persoas que ocupen as vogalías do Consello Superior de Valoración de Bens Culturais de Interese para Galicia que non o sexan por razón dos seus cargos, e dos seus respectivos suplentes, corresponde á persoa titular da consellería con competencias en materia de patrimonio cultural, por proposta dos órganos e entidades citados.

2. A persoa titular da consellería con competencias en materia de patrimonio cultural poderá cesar aos membros do Consello Superior de Valoración de Bens Culturais de Interese para Galicia polas seguintes causas:

- a) Renuncia.



- b) Renovación por transcurso do prazo de nomeamento, se for o caso.
- c) Condena por delito en virtude de sentenza firme.
- d) Incapacidade declarada por decisión xudicial firme.
- e) Petición da entidade ou órgano que propuxo o nomeamento.
- f) Incumprimento grave dos seus deberes.

3. Os vogais do Consello Superior de Valoración de Bens Culturais de Interese para Galicia serán nomeados por un período de catro anos, salvo os representantes do Consello da Cultura Galega e do sistema universitario público galego, que serán nomeados por un período de tres anos, e do sector de galerías, que ocupará a vogalía por un prazo de dous anos.

4. Os vogais designados por catro e tres anos poderán ser renovados ata o dobre do mandato inicial. As persoas propostas pola asociación de galerías non poderán ser renovadas como vogais.

5. Todos poderán volver a ser nomeados transcorridos seis anos dende o seu cesamento.

Artigo 10.- *Dereitos e deberes dos membros.*

1. Correspóndelles aos membros do Consello Superior de Valoración de Bens Culturais de Interese para Galicia:

- a) Recibir a convocatoria que conteña a orde do día das reunións cunha antelación mínima de corenta e oito horas.
- b) Ter á súa disposición a información sobre os asuntos que figuren na orde do día coa antelación referida na letra anterior.
- c) Participar nos debates das sesións.
- d) Exercer o seu dereito ao voto e formular ao secretario o seu voto particular, así como expresar o sentido do seu voto e os motivos que o xustifican.
- e) Non absterse nas votacións aqueles que teñan a condición de membros do órgano colexiado pola súa calidade de autoridades ou persoal ao servizo das administracións públicas.
- f) Formular suxestións e preguntas.
- g) Obter a información que precisen para cumprir axeitadamente as funcións asignadas.
- h) Manter o segredo das deliberacións e votacións.
- i) Cantas outras sexan inherentes á súa condición.

2. As persoas que ocupen as vogalías do Consello Superior de Valoración de Bens Culturais de Interese para Galicia non poderán atribuírse as funcións de representación del, salvo que llas outorgase expresamente mediante acordo validamente adoptado, para cada caso concreto, o propio órgano colexiado.

Artigo 11.- *Abstención e recusación.*

Serán motivos de abstención e recusación dos membros do Consello Superior de Valoración de Bens Culturais de Interese para Galicia os previstos con carácter xeral nos artigos 28 e 29 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, do réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.



Artigo 12.- *Convocatorias e sesións.*

1. Para a válida constitución do órgano, para os efectos da celebración de sesións, deliberacións e toma de acordos, requirirase a presenza das persoas que exerzan a presidencia e a secretaría, ou daquelas que as substitúan, e da metade, polo menos, dos seus membros.

2. Non poderá ser obxecto de deliberación ou acordo ningún asunto que non figure incluído na orde do día, agás que estean presentes todos os membros do órgano colexiado e sexa declarada a urxencia do asunto polo voto favorable da maioría.

3. O acordos serán adoptados por maioría simple de votos.

Artigo 13.- *Solicitudes de informe.*

1.- As solicitudes de informe do Consello Superior de Valoración de Bens Culturais de Interese para Galicia poden ser de oficio ou por instancia de órgano, institución ou ente instrumental da administración autonómica que pretenda a adquisición dun ben de interese cultural.

2.- Cando a solicitude non sexa de oficio achegárase tamén un informe que explique a oportunidade da adquisición do ben e xustifique a súa valoración, e sexa distinto, no seu caso, da taxación realizada polo propio autor da obra ou polo oferente.

O devandito informe deberá conter:

- a) título da obra de arte ou a denominación do obxecto;
- b) descrición do ben, incluídos os materiais, técnicas e medidas;
- c) fotografías recentes tomadas dende tres o mais ángulos diferentes;
- d) contextualización da obra, detallando na medida do posible a súa época, ámbito e lugar de realización, confección ou fabricación;
- e) curriculum profesional da persoa ou persoas autoras, se procede;
- f) memoria xustificativa da valoración que inclúa unha referencia a prezos de mercado no momento en que se oferta ou dos catro últimos anos de bens análogos ou obras da mesma persoa autora, así como tamén información sobre a significación cultural, histórica, científica, técnica ou social do ben, así como calquera outra que incida sobre o valor da obra, tales como o taller artesanal ou industrial, cando proceda;
- g) estado de conservación;
- h) proposta de taxación;
- i) sinatura e data.

3.- No caso de artistas noveis onde non sexa posible unha verificación de prezos de mercado farase especial fincapé no xuízo sobre a calidade artística da obra que se valore, nos materiais empregados e na valoración sociocultural que puidera acadar

Artigo 14.- *Actas.*

As actas serán aprobadas na mesma ou na seguinte sesión do Consello Superior de Valoración de Bens Culturais de Interese para Galicia. A persoa



que exerza as funcións da secretaría poderá certificar, non obstante, os acordos que se tivesen adoptado, sen prexuízo do aprobación posterior da acta, e deberá facer constar nas certificacións tal circunstancia de modo expreso.

Artigo 15.- Periodicidade.

O Consello Superior de Valoración de Bens Culturais de Interese para Galicia reunirse cada tres meses, ou en sesión extraordinaria cando a persoa titular da presidencia o considere pertinente ou o solicite a maioría de dous terzos dos seus membros.

Artigo 16.- Relatorios específicos.

1. Por proposta da presidencia e co voto favorable da maioría poderanse constituír relatorios especiais para a realización de informes ou estudos da competencia do órgano asesor.

2. O acordo de constitución establecerá o asunto concreto que será obxecto de estudo, os membros que a integren así como a designación dos que desempeñarán a presidencia e secretaría do relatorio, os medios persoais e materiais de que dispoñan e o prazo para a realización do seu traballo, que una vez finalizado entregarán ao presidente do Consello Superior de Valoración de Bens Culturais de Interese para Galicia para a toma do coñecemento do órgano colexiado ou, no seu caso, para sometelo a súa deliberación e votación.

3. Para a formación deses relatorios poderá solicitarse unha colaboración externa.

4. Os relatorios específicos se extinguen automaticamente una vez realizado o ditame ou informe sobre o asunto encomendado.

Artigo 17.- Dereito á percepción de indemnizacións.

As persoas integrantes do Consello Superior de Valoración de Bens Culturais de Interese para Galicia terán dereito a percibir as indemnizacións por razón da prestación do seu traballo, que sexan polo menos equivalentes ás que, por razón de servizo, perciben o persoal da Administración Pública autonómica, segundo a súa normativa reguladora.